



# DETERMINACIÓN DE PRAZAS CONCURSO DE TRASLADOS

Ante a próxima determinación de prazas do CAP, e tendo en conta as prácticas detectadas en anos anteriores que afectan á transparencia e equidade do proceso

CCOO solicita mediante escrito á Dirección xeral de RRHH do SERGAS:

**1. Que non se aproveite o CAP para modificar as condicións das prazas:**

- **Que non se cambien os turnos das interinidades existentes** en praza vacante nin das prazas a resultas.
- Que as prazas se oferten nos mesmos turnos nos que foron creadas e existen actualmente.

**2. Que, no caso dos turnos deslizantes:**

- **Se dean a coñecer antes da súa elección.**
- Se especifique claramente a súa configuración, indicando o número exacto de quendas de mañá e tarde.

**3. Que se respecte estritamente a orde de puntuación do CAP na elección de prazas dentro dun mesmo Centro de Saúde,** garantindo un proceso transparente e equitativo e evitando asignacións arbitrarias, como xa se teñen detectado nalgunhas xerencias.